

COMUNICADO Nº 070/22 10 DE MAIO DE 2022

ACTUALIZACIÓN REGULAMENTACIÓN TÉCNICA DE CARCROSS:

PESO.-

- En ningún momento da proba o peso mínimo do vehículo poderá ser inferior a 330 kg sen piloto, sen combustible, sen auga no pulverizador e en orde de marcha.
- O peso mínimo do vehículo, co piloto e o seu equipamento, e cos fluídos contidos nese momento será de 425 kg.
- O peso mínimo do vehículo, sen o piloto nin o seu equipamento, e cos fluídos contidos nese momento será de 345 kg.
- Ningún vehículo poderá estar por baixo deste peso mínimo en ningún momento durante a competición.
- Permítese completar o peso do vehículo cun ou varios lastres sempre que sexan bloques sólidos e unitarios, fixados ao chasis mediante ferramentas con posibilidade de fixar xuntas, colocados dentro do habitáculo no chan, de forma visible e precintado polos comisarios técnicos. O sistema de suxeición debe poder soportar unha deceleración de 25 g.

MOTOR.-

Este Regulamento está redactado en termos restritivos polo cal, todo o que non está expresamente permitido, está prohibido.

Os motores admitidos son os recollidos na seguinte táboa descritiva:

Suzuki GSX- R 600	K6- K7, K8- L0, L1- L7
Kawasaki ZX6 R	2007-2017
Honda CBR 600 RR	2008-2017
Yamaha YZF R6	2008-2017

Permítese o motor Yamaha MT09 (2016-2020) ou calquera versión de motor 850 cc da familia de motores Yamaha.

- O motor deberá ser de estrita serie sen modificación algunha.
- A presión de compresión máxima será de 13,0 Kg/cm².
- Este valor será un máximo absoluto sen tolerancia superior.
- A ECU deberá ser de orixe, sen modificación algunha. Permítese modificar a cartografía de motor, que será libre.
- Permítese modificar o valor do sinal do sensor de velocidade para evitar a restrición por velocidade que ten configurada a ECU de orixe. O competidor deberá estar en posesión do manual de taller orixinal do fabricante do motor.

No caso de que este regulamento se contradiga, ou teña erratas, poderá ser corrixido.

**COMISIÓN DE AUTOCROSS
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**